

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NO CONCELLO DE CAMARIÑAS. Ano 2016


Este estudo elaborábase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas no concello.

O desemprego rexistrado no concello de Camariñas no ano 2016 foi do **0.55% do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe algo inferior ó acadado no ano 2015 que foi do 0.57% , igual que no 2014 (0.55%) e inferior ós anos 2013 (0.59%) e 2012 (0.60%). Isto amosa que **o desemprego no concello creceu algo menos aceleradamente que na provincia neste último ano, diminuindo respecto do 2015, mantendo o porcentaxe do 2014 e continuando coa tendencia dos anos 2013 e 2012 nos que o porcentaxe de desemprego no concello ía diminuindo con respecto ó acadado na provincia.**

Se comparamos o desemprego do concello co resto da comarca vemos que, en decembro de 2016, Vimianzo conta cun 37.73% (38.80% no 2015) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 38.13% (35.70% no 2015) e Zas cun 24.14% (25.50% no 2015). Este ano cómpre destacar que aumentou o porcentaxe de persoas desempregadas no concello de Camariñas (2.43%) e descendeu nos de Vimianzo (-1.07%) e Zas (-1.36%), continuando coa tendencia do ano 2015.

O desemprego no concello segundo a idade e o sexo

O paro do concello ó longo do ano 2016 segue a mesma tendencia en homes e mulleres. Diminúe en ambos sexos o número de persoas desempregadas no segundo e terceiro trimestre para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 62.49% (61.54% no 2015 e 56.17% no 2014) fronte ó 37.51% (38.46% no 2015 e 43.83% no 2014) de desemprego masculino, producíndose a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do ano ó igual que nos anos 2015 e 2014. Cómpre destacar que o desemprego feminino aumentou un 0.95% en relación co desemprego masculino con respecto ós datos do ano anterior (5.37 % no 2015). En números absolutos observamos unha diminución no número de desempregadas xa que a media trimestral no 2016 foi de 283, mentres que no 2015 foi de 318 mulleres. Os homes desempregados presentan unha media trimestral de 170 homes, número tamén inferior ós 199 do ano 2015. O máis destacable no 2016 é o aumento porcentual do desemprego feminino respecto do masculino en relación cos anos anteriores.


Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO

2016	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	190	313	503	90397
Segundo	166	277	443	81491
Terceiro	139	262	401	76918
Cuarto	185	281	466	80556

Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	30	105	117	127	124	503
SEGUNDO	31	80	99	119	114	443
TERCEIRO	28	74	79	108	112	401
CUARTO	26	88	109	124	119	466

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que os maiores porcentaxes de desempregados se sitúan nos grupos de maiores de 45 anos cun porcentaxe do 52.23% (49.44% no 2015 e 47.78% no 2014) e o grupo de entre 25 - 44 anos cun 41.42% (43.20% no 2015 e 42.88 % no 2014) de media do paro rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 6.35% (7.36% no 2015 e 9.34% no 2014) do desemprego no concello. Comparando os datos coas medias dos anos anteriores vemos que diminúe o porcentaxe de persoas desempregadas entre os menores de 25 anos para aumentar, sobre todo no grupo de maiores de 45 anos.




Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	16	78	76	75	68	313
SEGUNDO	15	58	66	74	64	277
TERCEIRO	14	53	55	70	70	262
CUARTO	12	52	68	76	73	281


Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	14	27	41	52	56	190
SEGUNDO	16	22	33	45	50	166
TERCEIRO	14	21	24	38	42	139
CUARTO	14	36	41	48	46	185



O **paro feminino** caracterízase por ser **superior ó paro masculino** en tódolos grupos de idade agás entre os menores de 25 anos que hai o mesmo número de homes e mulleres desempregados de media. As menores diferenzas por idades obsérvanse entre as persoas maiores de 55 anos, onde temos 20 mulleres máis que homes. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 45 - 54 anos.

Os peores datos de **homes** desempregados sitúanse no grupo de 45 - 54 anos e entre os de maiores de 55, (46 e 48 desempregados, respectivamente de media). O ano pasado os maiores porcentaxes xa correspondían a estes mesmos grupos polo que vemos que continúa a tendencia. Aínda que baixou o número de desempregados (48 e 55 respectivamente no 2015). Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ós grupos de 35 - 44 anos e os de 45 - 54. No cuarto trimestre do ano aumenta o número de desempregados en tódolos grupos de idade agás entre os menores de 25 anos que continúa o mesmo valor que no trimestre anterior.





O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 60.62% (59.75% no 2015 e 59.38% no 2014) de persoas desempregadas que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 28.68% (27.82% no 2015 e 26.07% no 2014) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 2.10% (2.03% no 2015 e 1.90% no 2014) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN

	PRIMEIRO		SEGUNDO		TERCEIRO		CUARTO	
	H	M	H	M	H	M	H	M
UNIVERSITARIOS	2	12	0	7	1	7	1	8
BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU	3	9	3	7	1	9	3	11
FORMACIÓN PROFESIONAL	17	38	15	32	12	27	12	25
ENSINANZA OBRIGATORIA	38	85	32	80	24	78	32	83
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	130	169	116	151	101	141	137	154
TOTAL	190	313	166	277	139	262	185	281

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.




Por sexos atopamos que as mulleres presentan mellores niveis de instrución que os homes. Non terían rematada a ensinanza obrigatoria o 54.28% das mulleres (54.01% no 2015) e o 71.18% dos homes (68.93 % no 2015). Só posúen ensinanza obrigatoria o 28.77% das mulleres (28.69% no 2015) e o 18.53% dos homes (19.50% no 2015) mentres que contan con titulación universitaria o 3% das mulleres (4.09% no 2015) e só un 0.59% dos homes (0.6% no 2015).

O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	25	30	55	23	28	51	17	27	44	13	64	77
SECTOR SECUNDARIO	48	15	63	37	15	52	32	14	46	52	14	66
SECTOR CONSTRUCCIÓN	7	58	65	5	47	52	5	34	39	5	44	49
SECTOR SERVICIOS	199	78	277	182	68	250	179	58	237	185	57	242
SEN EMPREGO ANTERIOR	34	9	43	30	8	38	29	6	35	26	6	32
CON EMPREGO ANTERIOR	279	181	460	247	158	405	233	133	366	255	179	434
Total	313	190	503	277	166	443	262	139	401	281	185	466

Máis do 91% dos desempregados do concello de Camariñas son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 9% é demandante de primeiro emprego. Con respecto ó ano 2015, temos os mesmos porcentaxes. Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que o porcentaxe de mulleres desempregadas en busca de primeiro emprego é sensiblemente superior ó porcentaxe de homes nesta situación.





A maior cantidade de persoas desempregadas dáse no sector servizos e nos sectores primario e secundario (estes dous últimos sectores con 57 persoas desempregadas de media en cada un deles). Atendendo á evolución por trimestres observamos as mesmas tendencias en tódolos sectores. Diminúe o número de persoas desempregadas nos catro principais sectores de actividade no segundo e terceiro trimestres para aumentar en todos eles no derradeiro trimestre do ano.



Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto ós homes, o maior número de desempregados atopámolo no servizos, seguido do sector da construción, a continuación situaríase o sector primario e, para finalizar o secundario.


Se avaliamos os datos das mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario e primario. O número de mulleres desempregadas no sector da construción é moi baixo, isto débese ó feito de que as mulleres non soen demandar traballo neste sector nin o sector soe demandar mulleres.



A contratación no concello por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	6	90	96	3	51	54	3	60	63	7	68	75
SECTOR SECUNDARIO	11	7	18	38	6	44	2	4	6	3	3	6
SECTOR CONSTRUCCIÓN	0	9	9	0	17	17	0	23	23	1	16	17
SECTOR SERVICIOS	78	45	123	88	36	124	112	83	195	70	27	97
TOTAL	95	151	246	129	110	239	117	170	287	81	114	195



No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que esta aumenta no segundo trimestre respecto do anterior nos sectores secundario, construción e servizos. Sen embargo, a diminución no número de contratos asinados no sector primario fai que a contratación baixe neste


trimestre en números absolutos. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a

contratación con respecto ó trimestre anterior nos sectores primario, construción e servizos, mentres que no sector secundario temos unha diminución significativa no número de contratos rexistrados (-38). É neste trimestre no que se asinan o maior número de contratos en todo o ano. No cuarto trimestre prodúcese un descenso nas contratacións dos sectores da construción (-6) e, especialmente, no sector servizos (-98). Este trimestre é no que se producen o menor número de contratacións de todo o ano.


Na contratación que se efectúa no concello destaca o seu carácter maioritariamente masculino 56.77% (53.27% no 2015 e 50.85% no 2014). Este ano continúa a tendencia dos anos 2013, 2014 e 2015. No 2012 tiñamos a tendencia contraria, sendo as mulleres as que asinaban o maior número de contratos (51.11%), este porcentaxe foi baixando ata situarse no 2016 no 43.64%. Os sectores máis masculinizados son o sector primario e a construción. O maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres con respecto ós homes dáse no sector servizos e no sector secundario.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que durante o 2016 os homes se incorporan ó mercado de traballo en maior número que as mulleres en tódolos trimestres do ano agás no segundo. No ano 2015, sen embargo, aínda que os homes tamén superaban ás mulleres en tres trimestres, os mellores datos a favor das mulleres atopabámoslos no derradeiro trimestre do ano. A maior diferenza nas contratacións masculinas obsérvase no primeiro trimestre do ano (+56 a favor dos homes). A menor diferenza no número de contratacións entre homes e mulleres prodúcese no segundo trimestre do ano, (+19 a favor das mulleres).


Evolución da contratación




No primeiro trimestre o máis significativo é o alto número de contratos masculinos no sector primario. No caso das mulleres acádanse máis contratacións nos sectores secundario e no sector servizos.



Este segundo trimestre, como xa se sinalou, é o único no que as contratacións femininas superan ás masculinas. Estas últimas diminúen en tódolos sectores agás na construción. Nas mulleres aumentan os contratos nos sectores secundario e servizos. O bo comportamento destes dous sectores fai que sexa este trimestre no que se contratan máis mulleres en todo o ano, seguindo a tendencia do ano 2015 e 2014.



Como se pode observar, neste terceiro trimestre (época de verán) é no que se producen o maior número de contratacións en todo o ano sen ter en conta a variable sexo. En canto ós homes tamén é este trimestre o de máis contratos mentres que no caso das mulleres, como xa sinalamos, foi o segundo trimestre. Aumentan o número de contratos nos sectores primario, construción e servizos. Só no sector servizos o número de contratos femininos superan ós masculinos.



O cuarto trimestre é no que se realizan o menor número de contratacións en todo o ano. Respecto do trimestre anterior só aumenta o número de contratos no sector primario, mantéñense no sector secundario e diminúen no sector da construción e, especialmente no sector servizos (-98).

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres. Dentro de cada trimestre desbotamos as ocupacións nas que non se asinan como mínimo dous contratos.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	40	60	6	15
CAMAREIROS ASALARIADOS	17	24	38	14
AXUDANTES DE COCIÑA	13	2	6	
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	5	2		4
COCIÑEIROS ASALARIADOS	4			
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	3	8	15	7
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE	2	7	4	2
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	2		6	2
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	2	2		
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO		3	3	3
OUTRAS OCUPACIÓNS ELEMENTAIS		3		2
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA		2	7	
VENDEDORES A DOMICILIO		2		
PERRUQUEIROS		2		
ACTORES			7	3
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES			4	
EMPREGADOS DE OFICINA DE SERVIZOS ESTATÍSTICOS, FINANCEIROS E BANCARIOS			3	4
TÉCNICOS EN GALERÍAS DE ARTE, MUSEOS E BIBLIOTECAS				6
MESTRES DE EDUCACIÓN INFANTIL				2
GUÍAS DE TURISMO				2

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (20) (25 no 2015) atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: peóns das industrias manufactureiras; camareiros asalariados; axudantes de cociña; pescadores de augas costeiras e augas doces; vendedores en tendas e almacéns; traballadores das industrias do

- peixe; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; traballadores dos coidados persoais a domicilio. Estas ocupacións constitúen o 40 % das ocupacións analizadas (36 % no 2015).
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: cocinheiros asalariados; vendedores a domicilio; perruqueiros; compositores, músicos e cantantes; técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas; mestres de educación infantil; guías de turismo.
 3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: empregados administrativos sen tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; outras ocupacións elementais; outro persoal de limpeza; actores; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres salienta este ano os epígrafes pescadores de augas costeiras e augas doces; actores; e técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas.

No caso de pescadores de augas costeiras e augas doces destacamos esta ocupación por ser predominantemente masculina ata o momento. No 2015 tiñamos esta ocupación entre as máis contratadas entre as mulleres no primeiro trimestre con 4 contratos, este ano vemos que parece consolidarse a ocupación entre as mulleres xa que aparece en tres dos 4 trimestres do ano totalizando 11 contratos.

Este ano chama tamén a atención ver, ó igual que no 2015, a ocupación de actores entre as máis contratadas. Analizando con detemento os datos observamos que son catro contratacións no mes de xullo, tres no mes de agosto e outras tres no de novembro. Estes contratos corresponderían a representacións teatrais turísticas que se desenvolven no verán e no mes de novembro, esta última con motivo do Aniversario do Afundimento do Serpent nas costas de Camariñas. Estaríamos, polo tanto, ante contratacións de moi curta duración.

En relación coa ocupación técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas cómpresinalar que é a primeira vez que aparece esta ocupación entre as máis contratadas en Camariñas. Atopamos que os seis contratos foron no mes de outubro para o Museo do Encaixe e o Museo de Man días puntuais para substituír nas fins de semana períodos vacacionais ou días libres do persoal titular dos museos.

Cadro nº 9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	46	22	27	41
CAMAREIROS ASALARIADOS	21	11	23	11
PESCADORES DE ALTURA	20	4	7	11
MARIÑEIROS DE PONTE, MARIÑEIROS DE MÁQUINAS E AFÍNS	15	6	8	3
PEÓNS DA PESCA	7	10	14	10
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	5	6	6	
VIXILANTES DE SEGURIDADE E SIMILARES HABILITADOS PARA IR ARMADOS	5			
CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS	4			2
PINTORES E EMPAPELADORES	3			
ALBANEIS	2	8	8	
EMPREGADOS DE OFICINA DE SERVIZOS ESTATÍSTICOS, FINANCEIROS E BANCARIOS	2			
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓNS	2	3		2
CAPITÁNS E OFICIAIS DE PONTE	2			
COCÍNEIROS ASALARIADOS	2			
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	2		5	
FONTANEIROS		3		6
TRABALLADORES CUALIFICADOS NA ACUICULTURA		3		
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA		3	16	
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS			12	
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS				5
APLICADORES DE REVESTIMENTOS DE PASTA E MORTEIRO				5
PEÓNS DA ACUICULTURA				3
ACTORES				2
MONTADORES DE ESTRUTURAS METÁLICAS				2

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas (24) (25 no 2015) atopamos 3 grupos pero só coinciden sete ocupacións coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: pescadores de augas costeiras e augas doces; camareiros asalariados; pescadores de altura; mariñeiros de ponte, mariñeiros

- de máquinas e afíns; peóns da pesca; compositores, músicos e cantantes; albaneis; condutores asalariados de camiós. Estas ocupacións constitúen o 33.33% (20 % no 2015) das ocupacións analizadas.
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados; pintores e empapeladores; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; capitáns e oficiais de ponte; cociñeiros asalariados; traballadores cualificados na acuicultura; peóns de obras públicas; vendedores en tendas e almacéns; aplicadores de revestimentos de pasta e morteiro; peóns da acuicultura; actores; montadores de estruturas metálicas.
 3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; peóns da construción de edificios; fontaneiros; outro persoal de limpeza.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre os homes, destacar que a epígrafe outro persoal de limpeza faría referencia ás contratacións dos meses de verán do concello para a limpeza de praias, cunetas, rúas... e traballos similares.

Ó igual que no caso das mulleres, este ano chama a atención ver a ocupación de actores entre as máis contratadas entre os homes. Observamos que as ditas contratacións (2), se producen tamén no mes de novembro, coincidindo como xa se sinalou no caso das mulleres, coa representación teatral que tivo lugar con motivo do Aniversario do Afundimento do Serpent nas costas de Camariñas.

Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano.

Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 20 ocupacións no caso das mulleres e 24 no caso dos homes, só coinciden homes e mulleres en sete, o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada. Estas ocupacións serían: camareiros asalariados; pescadores de augas costeiras e augas doces; vendedores en tendas e almacéns; outro



persoal de limpeza; actores; compositores, músicos e cantantes; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios.

Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	152	143	138	153
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	125	124	117	119
Peóns de obras públicas, en xeral	108	106	96	104
Dependentes de comercio, en xeral	86	74	71	76
Peóns forestais	73	72	65	76
Caixeiros de comercio	48	39	37	39
Pinches de cociña	40	44	39	43
Repoñedores de hipermercado	38	39	36	37
Empregados administrativos, en xeral	32			
Asistentes domiciliarios	32	28	31	
Camareiros de pisos (hostalería)		27	29	
Limpadores – preparadores de peixe para conservas				32
Camareiros, en xeral				31


Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Peóns de obras públicas, en xeral	94	84	62	78
Mozos de recollida de lixos-vertedoiros	66	62	47	55
Peóns forestais	61	59	46	52
Albaneis	61	47	28	40
Peóns da construción de edificios	42	36	24	38
Mariñeiros de buque de pesca	27	23	25	57
Encofradores	24	17		16
Condutores de furgonetas, ata 3.5 T	23	21	16	16
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	22	22	19	22
Condutores de camións, en xeral	14			
Traballadores de retén de incendios forestais		14	10	
Camareiros, en xeral			13	14
Mariñeiros de cuberta (agás pesca)			10	



Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NO CONCELLO

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	121		121			
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	11		11	30		30
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	35	5	40	155		155
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACIÓN	118	68	186	41	13	54
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	19	19	38	205	21	226
OCUPACIÓNS AGROFORESTAIS				71	66	137
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS		13	13		43	43
OCUPAC. DE TIPO ADMINISTRATIVO	11	2	13	32		32
OCUPACIÓNS ALIMENTARIAS	15		15	32		32
MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUCTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS		12	12	225	137	362
OCIO E TEMPO DE LECER	20	19	39			
OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA E ACUICULTURA	11	259	270		33	33
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		25	25		98	98
OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS		19	19			
PROTECCION E SEGURIDADE		5	5			
OCUPAC. RELACIONADAS CO TURISMO	2		2			
SERVIZOS PROFESIONAIS	2		2			
TRABALLADORES NON CUALIFICADOS	5		5			



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peóns das industrias manufactureiras: Non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación e podería ser tanto do sector téxtil como do conserveiro, entre outros.
- Servizos a persoas dependentes: traballadores dos coidados persoais a domicilio; mestres de educación infantil; asistentes domiciliarios.
- Ocupacións relacionadas co comercio: vendedores en tendas e almacéns; vendedores a domicilio; dependentes de comercio, en xeral; caixeiros de comercio; repoñedores de hipermercado.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros asalariados; axudantes de cociña; cociñeiros asalariados; pinches de cociña; camareiros, en xeral.
- Ocupacións relacionadas coa limpeza: persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; outro persoal de limpeza; persoal de limpeza ou limpador, en xeral; camareiros de pisos (hostalería).
- Ocupacións agroforestais: peóns forestais; traballadores de retén de incendios forestais.
- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; condutores asalariados de camións; condutores de furgonetas ata 3.5 T; condutores de camións, en xeral; mariñeiros de cuberta (agás pesca).
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados administrativos sen tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; empregados administrativos, en xeral
- Ocupacións alimentarias: traballadores das industrias do peixe, limpadores-preparadores de peixe para conservas.
- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: mozos de recollida de lixos – vertedoiros; peóns de obras públicas, en xeral; peóns de obras públicas.

- Ocio e tempo de lecer: actores; compositores, músicos e cantantes; técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas.
- Ocupacións relacionadas coa pesca e acuicultura: pescadores de augas costeiras e augas doces; pescadores de altura; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; peóns da pesca; capitáns e oficiais de ponte; traballadores cualificados na acuicultura; peóns da acuicultura; mariñeiros de buque de pesca.
- Construción de edificios: albaneis; peóns da construción de edificios; encofradores.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: pintores e empapeladores; fontaneiros; aplicadores de revestimentos de pasta e morteiro; montadores de estruturas metálicas.
- Protección e seguridade: vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados.
- Ocupacións relacionadas co turismo: guías de turismo.
- Servizos profesionais: perruqueiros.
- Traballadores non cualificados: outras ocupacións elementais

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 12 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

1.- En varias das ocupacións estudadas (8) atopamos un número de demandas superior ó número de contratacións, concretamente nas ocupacións relacionadas cos servizos a persoas dependentes; co comercio; coa limpeza; transporte e mantemento de vehículos; ocupacións de tipo administrativo; alimentarias; mantemento de vías,

limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras; construción de edificios. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.

2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 7 das estudadas: peóns das industrias manufactureiras; ocio e tempo de lecer; outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios; protección e seguridade; ocupacións relacionadas co turismo; servizos profesionais; traballadores non cualificados. Isto indicaría que este tipo de contratacións non se están a facer a través do SPEG.

3.- No caso das ocupacións relacionadas coa restauración e as ocupacións relacionadas coa pesca e acuicultura; aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes.

4.- Este ano só temos unha ocupación entre as máis demandadas que non apareza entre as máis contratadas (ocupacións agroforestais) o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións, aínda que está a aumentar o número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións forestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as

contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías, cuadrillas de extinción de incendios...

No 2016 observamos un aumento significativo no número de contratacións entre os peóns das industrias manufactureiras (aínda que non agrupamos este epígrafe con outro sector pensamos que está vinculado maioritariamente ás empresas conserveiras e de transformación de polbo do concello), ocupacións relacionadas coa restauración; mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras; ocupacións relacionadas co ocio e tempo de lecer; ocupacións relacionadas coa pesca e acuicultura; e as relacionadas co sector de construción, tanto a construción de edificios como as relacionadas co acabado de inmobles.

Aínda que o número de contratos do 2016 (816) é moi superior ó do ano 2015 (648), o que indicaría unha recuperación do emprego no concello, non coñecemos a calidade da contratación xa que a maioría dos contratos son de duración temporal e, despois de profundar algo no tema chegamos á conclusión de que algunhas das contratacións son por días soltos. Consideraríamos moi interesante poder dispoñer da duración de cada contrato para poder analizar variables como a duración media de cada contratación.

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara á demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares. Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da zona poden empregarse ata 3 códigos distintos (peóns de obras públicas, en xeral; mozos de recollida de lixos – vertedoiros, peóns forestais).

De todo isto concluimos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.